



BOP

XOVES, 12 DE MARZO DE 2026

N.º 058

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTE)

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE MARZO DE 2026 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERÁN NO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2026, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA

SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2026.

BDNS (Identif):

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2026, e os modelos de solicitude tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán solicitar subvencións ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases e de acordo ás condicións establecidas na presente convocatoria, cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2026.

Terceiro. Bases reguladoras:

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto no seguinte enderezo:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2026.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo:

SEISCENTOS SESENTA MIL EUROS (660.000,00 €)

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
500,00 €	6.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos:

Non se concederán pagamentos anticipados nin aboamentos a conta das subvencións concedidas.

Lugo, 9 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0601

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 9 DE MARZO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2022.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 04.07.2025 (BOP núm. 158, do 11.07.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira en dúas (2) prazas denominadas TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN XERAL, escala administración xeral, subescala técnica, grupo A - subgrupo A1, polo sistema de oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 29.08.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
01	ARROJO FERNÁNDEZ, PALOMA	***5622**
02	BLANCO CANOURA, SARAY	***8362**
03	BOCELO GÓMEZ, LUIS	***5576**
04	CALVO LOMBARDIA, RAQUEL	***6133**
05	CANDAL GONZÁLEZ, JORGE	***8157**
06	CARBALLIDO ROCA, MARÍA ÁNGELES	***6148**
07	CASAS NOGUEROL, ANA	***2256**
08	COIRA LÓPEZ, MARÍA JOSÉ	***8594**

09	DEL RÍO GUERREIRO, INÉS	***5051**
10	FRAGUELA GÓMEZ, GEMA PALOMA	***0987**
11	GARRIDO CANEDA, RICARDO	***7665**
12	GENTIL SEIJAS, DIEGO	***8136**
13	GÓMEZ NEIRA, JUAN JOSÉ	***4914**
14	GONZÁLEZ CASTRO, RAÚL	***9974**
15	GONZÁLEZ OTERO, ANDREA	***5761**
16	GRAÑA LAMAZARES, TAMARA	***4606**
17	IGLESIAS VARELA, ELIZABETH	***4471**
18	IRIGOYEN VÁZQUEZ, SERGIO	***5547**
19	IRIMIA FERNÁNDEZ, SONIA	***4661**
20	LÓPEZ GONZÁLEZ, MARÍA	***2651**
21	LÓPEZ RAMUDO, SERGIO	***5716**
22	MARTÍN DOPICO, JORGE	***9357**
23	MARTÍNEZ GÓMEZ, JAVIER	***3161**
24	MÉNDEZ GARCÍA, SONIA	***2925**
25	OTERO LÓPEZ, VERÓNICA MARÍA	***0049**
26	PADÍN BELLO, MICHAEL	***0336**
27	PARRILLA DEL RÍO, LUCÍA	***3675**
28	PIÑEIRO GONDAR BEATRIZ	***5816**
29	RAMOS CUBA, JOSÉ MIGUEL	***8312**
30	RODRÍGUEZ VAAMONDE, MARÍA DEL MAR	***0265**
31	RÚA ANDRADE, MARÍA CRUZ	***6179**
32	SÁNCHEZ OUSINDE, LETICIA	***0949**
33	SUÁREZ EXPÓSITO, IGNACIO	***8543**
34	SUÁREZ GARCÍA, MARÍA	***7264**
35	SUÁREZ SÁNCHEZ, ROSALÍA	***7364**
36	TROBO RODRÍGUEZ, ALBA	***4935**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA/E:

Titular: Dona Ángeles Rivas Vázquez, xefa do Servizo de Contabilidade e Contas da Deputación de Lugo.

Suplente: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

VOGAIS:

Titular: Dona Rosa Abelleira Fernández, interventora da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Gloria Baamonde Tomé, xefa do Servizo de Fiscalización da Deputación de Lugo.

Titular: *Dona Carmen Dorado Duro, técnico administración xeral no Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.*

Suplente: *Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.*

Titular: *Don Pablo Abuín Ratón, letrado asesor especialista consultivo contratación en Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo.*

Suplente: *Don Emilio Justo Fernández Pita, xefe do Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributarias da Deputación de Lugo.*

SECRETARIO/A:

Titular: *Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.*

Suplente: *Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.*

COLABORADORA:

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora de procesos selectivos da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- *Citar os/as membros do Tribunal, para que comparezan o xoves día 26 de marzo de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.*

4º.- *Citar os/as membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o martes día 14 de abril de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2, ao obxecto de realizar o primeiro exercicio da fase de oposición.*

5º.- *Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.*

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante do presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 10 de marzo de 2026.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0607

CONCELLOS

PARADELA

Anuncio

En data 26 de agosto de 2025, DOG n.º 162, publicouse a Orde do 8 de agosto de 2025 da Dirección Xeral de Urbanismo de aprobación definitiva da modificación puntual número 2 do Plan Xeral de ordenación municipal de Paradelas en dous ámbitos do núcleo urbano de Pacios condicionada á emenda das deficiencias sinaladas.

Unha vez realizadas as emendas ao abeiro do artigo 60.16 b) e 62 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia; en data 06 de marzo de 2026 procedeuse pola Dirección Xeral de Urbanismo á inscrición da modificación

puntual número 2 do Plan Xeral de ordenación municipal de Paradela en dous ámbitos do núcleo urbano de Pacios, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia (n.º de rexistro ROTPG/P/19/2026), de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, pola que se aproba o regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Ao abeiro do apartado 3 da Resolución contida na Orde do 8 de agosto de 2025, da Dirección Xeral de Urbanismo de aprobación definitiva da modificación puntual número 2 do Plan Xeral de ordenación municipal de Paradela en dous ámbitos do núcleo urbano de Pacios, de conformidade co establecido nos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o Concello publica no Boletín Oficial da Provincia a normativa e ordenanzas da modificación puntual aprobada definitivamente, unha vez inscrita a mesma no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

O Concello conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal aprobado definitivamente mediante Orde do 10 de abril de 2007 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Mediante Orde do 5 de febreiro de 2018 aprobase definitivamente a modificación puntual do PXOM de Paradela en dous ámbitos do solo urbano de Pacios.

O obxecto desta modificación puntual número 2 do Plan Xeral de Ordenación do Concello de Paradela (en adiante PXOM) é o reaxuste puntual de dous ámbitos de solo urbano, resolvendo os erros ou as variacións por circunstancias sobrevidas do sistema de equipamentos.

Esta modificación puntual número 2 afecta a dous quinteiros do núcleo urbano de Pacios, clasificados como solo urbano consolidado no PXOM, coas seguintes alteracións da cualificación:

- a) Recualificación da parcela 7460010PH1376S, actualmente integrada na zona de equipamento Q-57 (xe-ad) como «residencial de intensidade media».
- b) Recualificación da parcela catastral M00400500PH13F, incluída na zona de equipamento Q-54 (le-do) como «residencial aberta» (RA-13).
- c) Recualificación duns 205 m2 da parcela 27042A01000224 cualificada como «residencial aberta» no PXOM, como equipamento público docente, incorporándose á zona Q-54 (le-do).
- d) Recualificación da parcela catastral 7361001PH1376S, con cualificación «residencial pechada» (zona RC-1 (2), como equipamento público docente, que se incorpora na zona Q-54 (le-do).

As alteracións propostas implican a desaparición da zona dotacional Q-57 (xe-ad) e a redelimitación da zona dotacional Q-54 (le-do), incluíndo a totalidade das edificacións de titularidade pública e excluindo edificacións de titularidade privada. De resultas, prodúcese un incremento da superficie de equipamentos cuantificable en aproximadamente 99 m2, reducíndose a superficie edificable lucrativa.

Incorpórase á normativa do PXOM vixente publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 281 de data 7 de decembro de 2007 a seguinte:

"Para a execución de obras e instalacións no contorno das estradas autonómicas, establécese como requisito previo ao outorgamento da licenza municipal a realización dos estudos necesarios para a determinación dos niveis sonoros esperables, así como para o establecemento das limitacións á edificabilidade ou da obrigatoriedade de dispar dos medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse os limiares recomendados, segundo o establecido na normativa básica estatal en materia de ruído ou na correspondente normativa autonómica de desenvolvemento".

"O ámbito da modificación atopase suxeita ó establecido na normativa sectorial enerxética vixente, en concreto a Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento".

Paradela, 11 de Marzo de 2026.- A ALCALDESA-PRESIDENTA, María Montserrat Mulet Sar.

R. 0602

O VALADOURO

Anuncio

Expediente núm.: 119/2026 **Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos – Rectificación de erro material nas bases do proceso selectivo e apertura de novo prazo de presentación de solicitudes.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto que mediante Resolución de Alcaldía número 87/2026, de data 20 de febreiro de 2026, foi aprobada a convocatoria para o procedemento de selección e elaboración dunha listaxe de emprego temporal para prestar servizos como persoal funcionario interino (operario de augas), así como as bases que rexen a convocatoria, publicadas no B.O.P. de Lugo número 45 de data 25 de febreiro de 2026.

Advertido que na Base sétima, relativa ao procedemento de selección e cualificación, en relación coa Fase de Concurso, establécense os máximos parciais de cada apartado (formación, permisos e experiencia profesional), que suman un total de **8,00 puntos**, sen que figure expresamente indicado dito máximo global da fase de concurso, o que procede aclarar en aras dunha maior precisión e seguridade xurídica.

Advertido así mesmo que na dita Base, no referente á Fase de Oposición, establécese un máximo global de 12,00 puntos, indicándose, non obstante, que o primeiro exercicio puntuarase ata un máximo de 7 puntos e o segundo exercicio ata un máximo de 7 puntos, o que xera unha contradición ao exceder a suma o máximo global previsto.

Considerando que a vontade inequívoca do órgano convocante era que cada un dos exercicios se puntuase cun máximo de 6,00 puntos, manténdose o máximo global da fase de oposición en 12,00 puntos, tratándose dun erro material de transcripción.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, que permite ás Administracións Públicas rectificar en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Considerando que, en garantía dos principios de seguridade xurídica, igualdade e concorrencia, procede a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

En virtude das competencias atribuídas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Rectificar a Base sétima das Bases que rexerán a convocatoria para a creación de unha listaxe de emprego temporal de operario servizo de augas no Concello do Valadouro para prestar servizos como funcionarios interinos por calquera das circunstancias previstas no artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no seguinte sentido:

Onde di:

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 7 puntos.

Debe dicir:

PRIMEIRO EXERCICIO: consistirá en contestar por escrito un tipo test de 15 preguntas con tres respostas alternativas e dúas preguntas de reserva, sobre o temario que se recolle no anexo I. O tempo para a realización desta proba será de 20 minutos.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO: consistirá en unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

Criterios de corrección: O Tribunal elaborará e fixará os criterios de corrección, podendo establecer criterios obxectivos con anterioridade a súa realización, informando ás persoas aspirantes antes da realización do mesmo. Este exercicio puntuarase ata un máximo de 6 puntos.

Manténdose inalterado o máximo global da fase de oposición en 12,00 puntos.

SEGUNDO. Aclarar expresamente que o máximo total da Fase de Concurso é de 8,00 puntos, resultado da suma dos máximos parciais establecidos en cada un dos seus apartados, que permanecen inalterados.

TERCEIRO. Abrir un novo prazo de presentación de solicitudes de tras (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO. Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, así como no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal.

QUINTO. Manter inalterado o resto do contido das bases.

O Valadouro, 6 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0603

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) - DEPUTACION

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO EN SESION CELEBRADA O DIA 6 DE MARZO DE 2026 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES DA CONVOCATORIA QUE REXERAN NO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2026, DO GASTO E DOS MODELOS DE SOLICITUDE E DE CONTA XUSTIFICATIVA

BDNS (Identif.): 891676

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/891676>)

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencions publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de Datos Nacional de Subvencions

<https://www.pap.hacienda.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>

Así mesmo, as bases da convocatoria para a concesión de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2026, e os modelos de solicitude tamén estarán a disposición dos interesados/as na web da Deputación de Lugo no seguinte enlace:

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Para os efectos oportunos, a correspondente publicación do extracto da convocatoria realizarase no BOP de Lugo.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán acollerse a esta convocatoria aquelas entidades e clubs deportivos que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nelas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases da convocatoria se atope na situación que lexítima a súa concesión.

Poderán solicitar subvencions ao abeiro desta convocatoria as entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo (enténdase con sede e /ou delegación na provincia), legalmente constituídas e adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto destas bases e de acordo ás condicións establecidas na presente convocatoria, cuxa actividade sexa a participación en competicións organizadas polas federacións deportivas oficiais das disciplinas deportivas recoñecidas oficialmente polo Consello Superior de Deportes de acordo coa listaxe que se relaciona no ANEXO A destas bases, que estean inscritas na correspondente competición oficial, desenvolvan a actividade competitiva e deportiva e cuxa finalidade é promover os valores do deporte dende a base.

Segundo. Obxecto:

Constitúe o obxecto das bases desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencions en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos, da provincia de Lugo (enténdase con sede e/ou delegación na provincia) co obxectivo de fomentar o deporte de base e o desenvolvemento da actividade deportiva de carácter competitivo na anualidade de 2026.

Terceiro. Bases reguladoras:

A Ordenanza Xeral de Subvencions da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto no seguinte enderezo:

<http://www.deputacionlugo.gal/gl/a-deputacion/normativas-e-ordenanzas>

CONVOCATORIA PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2026.

<http://www.deputacionlugo.gal/temas/deportes/home>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo:

SEISCENTOS SESENTA MIL EUROS (660.000,00 €)

A subvención que a Deputación Provincial pode conceder estará comprendida no intervalo establecido na seguinte táboa:

IMPORTE MÍNIMO	IMPORTE MÁXIMO
500,00 €	6.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte da publicación no BOP da provincia de Lugo do extracto da convocatoria.

Sexto. Outros datos:

Non se concederán pagamentos anticipados nin aboamentos a conta das subvencións concedidas.

Lugo, 6 de marzo de 2026.- A PRESIDENTA, P.D. Decreto de data 14-01-2026, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0591